

## ACTA 3 DO TRIBUNAL DE SELECCIÓN PARA UN POSTO DE DIPLOMADO/GRAO EN RELACIÓNS LABORAIS

### (Primeira Experiencia Profesional nos Concellos)

Sendo as 09:30 horas do día 08 de xullo de 2022, reúnese de xeito telemático o tribunal nomeado por resolución da alcaldía 2022-1315 de 16 de xuño de 2022, que valora ás/os aspirantes á praza de Diplomado/Grao en Relacións Laborais, correspondente ao programa da Deputación Provincial "Primeira Experiencia Profesional nos Concellos".

Dos membros do tribunal, nomeados segundo a citada resolución participan os seguintes:

D. Carlos López Quintáns, en calidade de presidente; D. Manuel Martínez Pérez, en calidade de secretario e Francisco Javier Antoñón Clemente, en calidade de vogal.

Na acta 1 de data 23.06.2022, non se establece listaxe en orden prelativo para a contratación en caso de renuncias ou baixas, por mor do requerimento de documentación, para a comprobación do requisito de non haber sido contratados/as pola mesma titulación, con anterioridade a esta convocatoria e estando proposta para a contratación ANDREA CASALES PEREIRA, esta presenta a súa renuncia ao posto.

Na acta 2 de data 01.07.2022. este tribunal propón a contratación da segunda candidata con maior puntuación NOELIA GESTEIRA CARDOSO, quen en data 03.07.2022 e con n.º de rexistro 2022-E-RE-3272, presenta renuncia ao posto.

O seguinte candidato con maior puntuación e GABRIEL ENRÍQUEZ LORIA e unha vez revisada a súa documentación obsérvase que estivo de becario Feuga, traballou contratado como teleoperador, nunha empresa de traballo temporal con anterioridade o remate dos estudos e nunha ETT durante 6 días con posterioridade o remate dos seus estudos, cun grupo de cotización 10, que corresponde a categoría profesional de peóns. Quedando acreditado que non foi contratado coa mesta titulación con posterioridade o remate dos seus estudos.

Visto o cal o **tribunal acorda propoñer o órgano competente a contratación de GABRIEL ENRÍQUEZ LOIRA, para posto de Grao en Relacións Laborais,**

Contra o presente acto, poderase interpoñer recurso de alzada ante o tribunal de valoración ou ante o órgano que o nomeou, no prazo dun mes, a partir do día seguinte a súa publicación, no taboleiro de anuncios do concello, de acordo co establecido, nos artigos 112 e 124 da Lei 39/2015, de 01 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

En Ponteareas, documento asinado electrónicamente

